	publicidade na estética. <ul style="list-style-type: none"> O profesor expón as etapas para o deseño dunha campaña de promoción e as fases da venda de xeito xeral. Propón un traballo de investigación sobre promocións e campañas de venda no sector da imaxe persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> Atención, toma de apuntes e participación coa súa opinión. Realización de traballo de investigación sobre a venda no sector da imaxe persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> O alumnado coñecerá os medios de publicidade e comunicación internos e externos nunha empresa de estética e os instrumentos de promoción de produtos e servizos estéticos 		<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - Traballo de investigación relacionado cos CA correspondentes PE.5 - Traballo de investigación relacionado cos CA correspondentes TO.5 - Contidos, comportamentos e actividades realizados na aula- taller 	
Plan de calidade - Identificanse as causas que poden dar lugar a deficiencias proponerse medidas correctoras	<ul style="list-style-type: none"> O profesor expón os aspectos que determinan a satisfacción da clientela. Expoñerá unha serie de preguntas para que o alumnado investigue sobre o tema. Partindo de supostos teóricos de deficiencias atopadas na satisfacción dos clientes, o profesor proporá ós alumnos un debate sobre as medidas que debemos adoptar. O profesor expón o procedemento a seguir ante a reclamación dun cliente. 	<ul style="list-style-type: none"> Atención, toma de apuntes, investigación e participación coa súa opinión. Participará no debate realizando as súas aportacións. Os alumnos realizarán prácticas de recollida de datos en follas de reclamación. Os alumnos por parellas realizarán unha dramatización de unha reclamación co obxecto de manter unha actitude profesional. 	<ul style="list-style-type: none"> Os alumnos/as identificarán o proceso que hai que seguir ante unha reclamación. O alumno/a poderá identificar os aspectos determinantes na calidade do servizo. Identificando as principais causas deficitarias. O alumno/a coñecerá medidas correctoras para mellorar o grao de satisfacción dos clientes. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes, modelos de cuestionarios, test. Encerado, aula taller, internet. Ordenador, internet, encerado. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.6 - Contidos, comportamentos e actividades realizados na aula- taller. PE.7 - Contidos, comportamentos e actividades realizados na aula- taller. PE.8 - Traballo de investigación relacionado cos CA correspondentes PE.9 - Traballo de investigación relacionado cos CAS correspondentes PE.10 - Traballo de investigación relacionado cos CAS correspondentes TO.5 - Contidos, comportamentos e actividades realizados na aula- taller TO.6 - Contidos, comportamentos e actividades realizados na aula- taller 	1,0
Actitude e aptitude profesional - Estableceranse normas de actitude e aptitude para definir as características dun bo profesional da estética (discreción, psicología, aparencia, iniciativa, predisposición)	<ul style="list-style-type: none"> Rexistrar as actitudes e aptitudes para o desenvolvemento das tarefas: a imaxe e hixiene persoal, linguaxe técnica, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar as tarefas propias da UD cunha actitude e aptitude positiva, ordenada e responsable. 	<ul style="list-style-type: none"> O alumno desenvolverá a tarefa atendendo a unha actitude e aptitude positiva no desenvolvemento das actividades. 	<ul style="list-style-type: none"> Internet, material didáctico, revistas, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> TO.2 - Contidos, comportamentos e actividades realizados na aula- taller TO.5 - Contidos, comportamentos e actividades realizados na aula- taller 	3,0
TOTAL						10,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Instalacións, medios técnicos e materiais.	10

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Xestiona e organiza as instalacións, os medios técnicos e materiais e os recursos humanos, integrando os elementos da rede loxística do establecemento.	SI

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Establecer as condicións ambientais na zona de traballo.	1	Cabina de estética	3,0
2.1 Conocer os postos de traballo nos establecementos estéticos	2	Definición de postos de traballo	1,0
3.1 Realizar o control de existencias xestión de compras, e mantemento de equipos técnicos	3	Loxística, control de almacén e mantemento	1,0
4.1 Realizar un plan de limpeza, hixiene e desinfección	4	Hixiene e desinfección	5,0
TOTAL			10

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Identifícanse os elementos que constitúen a rede loxística da empresa: provedores, clientes, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenamento, etc.	• PE.1 - Traballo de investigación relacionado cos CA correspondentes	N	5
CA2.2 Establecéronse as condicións ambientais na zona de traballo.	• TO.1 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller	S	20
CA2.3 Identifícanse os postos de traballo nos establecementos estéticos.	• PE.2 - Traballo de investigación relacionado cos CA correspondentes	S	5
CA2.4 Establecéronse os criterios para a asignación efectiva de actividades a cada posto de traballo.	• PE.3 - Traballo de investigación relacionado cos CA correspondentes	N	3

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.5 Caracterizouse o control de existencias de cosméticos e materiais que se empregan nos tratamentos estéticos.	<ul style="list-style-type: none"> TO.2 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller 	S	10
CA2.6 Elaborouse un sistema de xestión de compras, provedores e mantemento.	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - Traballo de investigación relacionado cos CA correspondentes 	N	5
CA2.7 Especificáronse as características e os elementos que conforman a área de desinfección.	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - Cuestionario relacionado cos CA correspondentes 	S	22
CA2.8 Proxectouse un plan de limpeza, hixiene e desinfección.	<ul style="list-style-type: none"> TO.3 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller 	S	30
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Cabina de estética para tratamentos de estética integral: ambientación</p> <p>Definición de postos: asignación de recursos e tarefas; programación de actividades; control de axenda.</p> <p>Loxística e almacenamento: control de existencias; criterios para o almacenamento e a conservación de cosméticos, utensilios e materiais. Compras: selección de provedores e planificación das compras.</p> <p>Xestión do mantemento de equipamentos técnicos empregados en tratamentos de estética.</p> <p>Hixiene e desinfección aplicadas a tratamentos de estética integral. Área de desinfección: criterios de selección e aplicación de técnicas para a hixiene, a desinfección e a esterilización de equipamentos e utensilios usados nos tratamentos de estética integral. Xestión de residuos.</p>

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Cabina de estética - Estableceranse as condicións ambientais dunha cabina de estética	<ul style="list-style-type: none"> O profesor expón as características das condicións ambientais na zona de traballo das cabinas de estética para tratamentos de estética integral. 	<ul style="list-style-type: none"> Toma de apuntes e participación activa na clase. 	<ul style="list-style-type: none"> Os alumnos coñeceran as condicións ambientais e a organización no espazo de traballo 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes, axenda, ficha, vídeos, ordenador 	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller 	3,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Definición de postos de traballo - Defínense as tarefas e programáronse as actividades propias de cada posto de traballo	<ul style="list-style-type: none"> O profesor expón e propón unha práctica de organización de axenda e cabina da acordo cos tratamentos a realizar. Propor un traballo de investigación sobre os postos de traballo nos centros de estética. 	<ul style="list-style-type: none"> Toma de apuntes e resolución da práctica proposta polo profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> Organización da axenda e da cabina. 	<ul style="list-style-type: none"> Axenda, aula taller, internet. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Traballo de investigación relacionado cos CA correspondentes PE.3 - Traballo de investigación relacionado cos CA correspondentes 	1,0
Loxística, control de almacén e mantemento - Controláronse a loxística: existencias, conservación de cosméticos, utensilios, etc	<ul style="list-style-type: none"> O profesor expón e propón unha práctica e un traballo de investigación sobre a loxística, control e mantemento de almacén. 	<ul style="list-style-type: none"> Toma de datos. Realiza unha práctica de xestión de almacén, compra de material, estudando os diferentes presupostos. Realiza unha práctica de mantemento de equipos, distinguindo cando é necesario envialos a un servizo técnico. 	<ul style="list-style-type: none"> Fichas. Toma de contacto cos diferentes apartados relacionados coa loxística nun centro de estética. 	<ul style="list-style-type: none"> Aula taller, internet, revistas, listas de prezos de casas comerciais, albaráns, almacén. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Traballo de investigación relacionado cos CA correspondentes PE.4 - Traballo de investigación relacionado cos CA correspondentes TO.2 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller 	1,0
Hixiene e desinfección - Aplicáronse métodos de hixiene, desinfección e esterilización e xestionáronse os residuos.	<ul style="list-style-type: none"> O Profesor expón conceptos e propón un suposto práctico. 	<ul style="list-style-type: none"> Toma apuntes. Realiza a resolución do suposto práctico aplicando as técnicas de desinfección e esterilización indicadas, e xestionando os residuos de forma axeitada. 	<ul style="list-style-type: none"> Cofecemento das técnicas de desinfección e esterilización. 	<ul style="list-style-type: none"> Productos e aparatoloxía da aula taller (forno Pasteur, radiación UV, boliñas de cuarzo) 	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - Cuestionario relacionado cos CA correspondentes TO.1 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller TO.3 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller 	5,0
TOTAL						10,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Análise estética e documentación técnica.	18

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza o exame estético aplicando procedementos de análise e técnicas de comunicación.	SI

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Describir os datos da ficha técnica. Establecer un cuestionario para a obtención de datos que teñen relevancia a análise estética	1	Ficha técnica	6,0
2.1 Identificar as pautas para a recepción e acomodación do/a cliente	2	Preparación do/a cliente	2,0
3.1 Seleccionar e aplicar as técnicas para a análise estética	3	Técnicas de análise estética	8,0
4.1 Acadar unha actitude positiva no desenvolvemento nas tarefas	4	Aptitude e actitude profesional	2,0
4.2 Presentar a aptitude idónea no desenvolvemento das tarefas			
TOTAL			18

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Descríbense os datos da ficha técnica.	• PE.1 - Traballo de investigación relacionado cos CA correspondentes	S	5
CA3.2 Recoñécéronse as pautas dos protocolos de acomodación.	• TO.1 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller	S	10
CA3.3 Estableceuse un cuestionario para a obtención de datos que teñen relevancia na análise estética.	• PE.2 - Traballo de investigación relacionado cos CA correspondentes	S	15
CA3.4 Recoñeceuse a actitude e a aptitude profesional como factor de calidade dos servizos estéticos.	• TO.2 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller.	S	20
CA3.5 Analizáronse as variables que determinan un protocolo personalizado.	• PE.3 - Traballo de investigación relacionado cos CA correspondentes	S	20
CA3.6 Distinguíronse, seleccionáronse e aplicáronse as técnicas para a análise estética da zona que se vaia tratar.	• TO.3 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller	S	30
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
Documentación técnica. Ficha técnica e historial estético. Protección de datos. Arquivo ou ficheiro da documentación.
Interpretación da documentación profesional.
Aplicación de protocolos de acomodación da persoa usuaria: actitude profesional.
Aplicación de técnicas de comunicación: entrevista.
Aplicación de protocolos de técnicas de análise de alteracións estéticas.
Análise estética personalizada para tratamentos de estética integral: análise de demandas e expectativas da clientela.

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Ficha técnica - Diseñárase unha ficha técnica que recolla datos relevantes.	<ul style="list-style-type: none"> Explica e plantexa a elaboración dunha ficha a partir dunha entrevista. 	<ul style="list-style-type: none"> Toma apuntes. Elabora unha ficha establecendo un debate sobre que, e como preguntar, e que datos deben quedar reflexados na ficha. 	<ul style="list-style-type: none"> Ficha tipo. 	<ul style="list-style-type: none"> Libros, apuntes, debates, internet, ordenador... 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Traballo de investigación relacionado cos CA correspondentes PE.2 - Traballo de investigación relacionado cos CA correspondentes 	6,0
Preparación do/a cliente - Definíranse os protocolos de acomodación do cliente	<ul style="list-style-type: none"> Explica. Colocando ós alumnos por parellas propón a realización dunha práctica. 	<ul style="list-style-type: none"> Toma apuntes. Realiza unha práctica de preparación do cliente, aplicando las técnicas indicadas con actitude profesional. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar un protocolo de acomodación. 	<ul style="list-style-type: none"> Aula taller, padiolas, toallas, sabaniñas... 	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Traballo de investigación relacionado cos CA correspondentes TO.1 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller 	2,0
Técnicas de análise estética - Seleccionáranse e aplicáranse as técnicas de análise estética	<ul style="list-style-type: none"> Explica. Colocando os alumnos/as por parellas propón a realización dunha práctica. 	<ul style="list-style-type: none"> Toma de apuntes. Realizará un análise estético seleccionando o método de observación idóneo, métodos de análise e identificación de alteracións 	<ul style="list-style-type: none"> Elaboración de análisis estético. Ficha. 	<ul style="list-style-type: none"> Textos. Aula Taller. Aparellos y equipos de análise e diagnóstico: lupa, luz de Wood, medidor de pH, medidor de hidratación, medidor de grasa corporal, báscula, etc.l 	<ul style="list-style-type: none"> TO.3 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller 	8,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
		determinando o posible tratamento.				
Aptitude e actitude profesional - Mostrarse unha actitude e aptitude positiva no desenvolvemento das tarefas	<ul style="list-style-type: none"> Rexistra e supervisa actitude e a aptitude do alumnado no desenvolvemento desta UD. 	<ul style="list-style-type: none"> Desenvolverá una actitud positiva no desenvolvemento da UD, así como capacidade de traballo, innovación, destreza, etc, na elaboración de fichas técnicas. 	<ul style="list-style-type: none"> Manter unha actitude e aptitude positiva no desenvolvemento da UD. 	<ul style="list-style-type: none"> Revistas, libros especializados, traballo de aula. 	<ul style="list-style-type: none"> TO.2 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller. 	2,0
TOTAL						18,0

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Diagnóstico e deseño de tratamentos estéticos personalizados.	25

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Elabora o tratamento estético personalizado e xustifica a selección dos medios e as súas interaccións.	SI

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Determinar os medios e os recursos necesarios para establecer os criterios de selección dos equipamentos técnicos e accesorios.	1	Medios e recursos: técnicas, equipos e accesorios, e cosmética.	5,0
1.2 Identificar as características manuais e a súa forma de aplicación así como as pautas de preparación e manipulación dos cosméticos			
2.1 Identificar as incompatibilidades e os efectos sinérxicos entre as técnicas que se integran nos tratamentos.	2	Sinerxía e incompatibilidades entre técnicas e cosméticos	5,0
3.1 Xustificar o protocolo de aplicación dos tratamentos personalizados.	3	Deseño de protocolos personalizados	15,0

TOTAL	25
--------------	-----------

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Establecéronse os criterios de clasificación dos tratamentos integrais.	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Cuestionario relacionado cos CA correspondentes 	S	10
CA4.2 Determináronse os medios e os recursos necesarios.			0
CA4.2.1 Determináronse os medios e os recursos necesarios.	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Cuestionario relacionado cos CA correspondentes 	S	10
CA4.2.2 Realizáronse prácticas empregando os medios e os recursos existentes.	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller 	S	12
CA4.3 Establecéronse os criterios de selección dos equipamentos técnicos e accesorios.			0
CA4.3.1 Establecéronse os criterios de selección dos equipamentos técnicos e accesorios.	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Cuestionario relacionado cos CA correspondentes 	S	10
CA4.3.2 Realizáronse prácticas seguindo os criterios de selección dos equipamentos técnicos e accesorios.	<ul style="list-style-type: none"> TO.2 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller 	S	13
CA4.4 Identificáronse as características das técnicas manuais e a súa forma de aplicación.	<ul style="list-style-type: none"> TO.3 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller 	S	5
CA4.5 Identificáronse as pautas de preparación e manipulación dos cosméticos.	<ul style="list-style-type: none"> TO.4 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller 	S	5
CA4.6 Identificáronse as incompatibilidades e os efectos sinérxicos entre as técnicas que se integran nos tratamentos.	<ul style="list-style-type: none"> TO.5 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller 	S	15
CA4.7 Xustificouse o protocolo de aplicación dos tratamentos personalizados.	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller 	S	15
CA4.8 Tivéronse en conta as necesidades e demandas da clientela no deseño do protocolo personalizado.	<ul style="list-style-type: none"> TO.6 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller 	S	5
TOTAL			100

4.4.e) Contidos

Contidos
Clasificación de tratamentos: segundo a zona corporal (facial, corporal, seos, etc.), a alteración (deshidratación, flaccidez, obesidade, celulite, acne, etc.), o tipo de pel (seca, graxa, etc.), o efecto desexado (reafirmante, antiestrés, despigmentante, etc.), a situación fisiolóxica (embarazo, posparto, avellentamento, etc.), os equipamentos empregados (radiofrecuencia, IPL, láser, etc.), o sexo, o márketing (efecto lifting, satén), etc.
Criterios de selección de técnicas manuais e equipamentos empregados en tratamentos estéticos faciais e corporais.
Criterios de selección de cosméticos indicados para tratamentos integrais: pautas de preparación e manipulación, e métodos de aplicación.
Criterios de integración dos medios técnicos, manuais e cosmetolóxicos: efectos sumativos (sinerxia) e antagónicos (incompatibilidades entre os medios).
Protocolos personalizados de tratamentos de estética integral: interpretación dos datos obtidos da análise estética e dos informes profesionais. Adecuación ás necesidades, ás demandas e ás características da clientela. Elementos do protocolo personalizado.

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Medios e recursos: técnicas, equipos e accesorios, e cosmética. - Estableceranse os criterios de selección dos medios e recursos necesarios, identificando técnicas manuais, cosméticas.	<ul style="list-style-type: none"> Expón os conceptos. Propón a resolución dun suposto. Expón os conceptos. Propón a resolución dun suposto. 	<ul style="list-style-type: none"> Toma de apuntes. Resolve o suposto xustificando os diferentes medios e recursos empregados. Toma de apuntes. Resolve o suposto xustificando a selección dos aparellos electroestéticos, cosméticos e técnicas manuais dependendo das demandas e necesidades da clientela, así como da zona a tratar e as contraindicacións que poidamos atopar. 	<ul style="list-style-type: none"> Recoñecer os medios e recursos na elaboración de un protocolo. Resolución do diferentes supostos razoadamente. 	<ul style="list-style-type: none"> Textos, aula taller, cosméticos, aparellos, equipos, lencería, útiles. Libros, apuntes, útiles, aparellos, accesorios 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Cuestionario relacionado cos CA correspondentes PE.2 - Cuestionario relacionado cos CA correspondentes PE.3 - Cuestionario relacionado cos CA correspondentes TO.1 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller TO.2 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller TO.3 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller TO.4 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller 	5,0
Sinerxia e incompatibilidades entre técnicas e cosméticos - Identificaranse os efectos sinérxicos entre as distintas técnicas	<ul style="list-style-type: none"> Expón os conceptos. Xustifica as sinerxias e incompatibilidades das diferentes técnicas. 	<ul style="list-style-type: none"> Toma de apuntes. Realiza ficha na que debe figurar a sinerxia e incompatibilidades de determinadas técnicas. 	<ul style="list-style-type: none"> Ficha. 	<ul style="list-style-type: none"> Libros, vídeos. 	<ul style="list-style-type: none"> TO.5 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller 	5,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Deseño de protocolos personalizados - Xustificanse os protocolos dos tratamentos	<ul style="list-style-type: none"> Colocando o alumnado por parellas guiará na realización do diagnóstico e axudará a protocolizar de xeito adecuado á zona a tratar, segundo as demandas da clientela e as posibles contraindicacións. 	<ul style="list-style-type: none"> Realiza a práctica, interpretando os datos obtidos no análise estético previo, e realiza un protocolo personalizado, deseñando unha ficha que deberá incluír o diagnóstico, necesidades cutáneas, técnicas electroestéticas, cosmetoloxía aplicada, técnicas manuais, protocolo personalizado e asesoramento profesional. 	<ul style="list-style-type: none"> Ficha, deseño de protocolo. 	<ul style="list-style-type: none"> Aula taller, textos, vídeos, revistas, fichas, cosmetoloxía, aparellos. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller TO.6 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller 	15,0
TOTAL						25,0

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Protocolos de tratamentos estéticos personalizados.	75

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Aplica protocolos personalizados de tratamentos estéticos faciais e corporais coordinando as técnicas cosmetolóxicas, electroestéticas e manuais.	SI

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Determinar pautas de información sobre o tratamento estético, as técnicas, os efectos e as sensacións. Xustificar a acomodación e a protección da clientela segundo criterios de confortabilidade e seguridade	1	Información técnica e acomodación da clientela	4,0
2.1 Identificar as posturas, os movementos e as actitudes que cumpra adoptar durante a execución do tratamento.	2	Hixiene postural	3,0
3.1 Aplicar as técnicas previas ao tratamento segundo o protocolo establecido. Xustificar a elección de programas e parámetros das técnicas que se vaian empregar.	3	Preparación da zona e técnicas aplicadas os tratamentos estéticos	8,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
4.1 Establecer a secuencia do tratamento, combinando as técnicas electroestéticas, manuais e cosmetolóxicas seleccionadas. Establecer técnicas de finalización do tratamento (protección, maquillaxe, etc.). Determinar as pautas de asesoramento. Relacionar as recomendacións cosméticas cos cuidados persoais fóra da cabina	4	Realización de tratamientos estéticos	60,0
4.2 Establecer normas para lograr unha actitude positiva no desenvolvemento nas tarefas			
TOTAL			75

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA5.1 Determináronse pautas de información á clientela sobre o tratamento estético, as técnicas, os efectos e as sensacións.	• TO.1 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller	S	5
CA5.2 Xustificouse a acomodación e a protección da clientela segundo criterios de confortabilidade e seguridade.	• TO.2 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller	S	5
CA5.3 Identificáronse as posturas, os movementos e as actitudes que cumpra adoptar durante a execución do tratamento.	• TO.3 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller	S	8
CA5.4 Aplicáronse as técnicas previas ao tratamento segundo o protocolo establecido.	• TO.4 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller	S	5
CA5.5 Xustificouse a elección de programas e parámetros das técnicas que se vaian empregar.	• TO.5 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller	S	8
CA5.6 Estableceuse a secuencia do tratamento, combinando as técnicas electroestéticas, manuais e cosmetolóxicas seleccionadas.	• TO.6 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller	S	27
CA5.7 Establecéronse técnicas de finalización do tratamento (protección, maquillaxe, etc.).	• TO.7 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller	S	2
CA5.8 Determináronse as pautas de asesoramento.	• PE.1 - Cuestionario relacionado cos CA correspondentes	S	20
CA5.9 Relacionáronse as recomendacións cosméticas cos cuidados persoais fóra da cabina.	• PE.2 - Cuestionario relacionado cos CA correspondentes	S	20
TOTAL			100

4.5.e) Contidos

Contidos
<p>Información técnica á clientela sobre o proceso.</p> <p>Técnicas previas: preparación da zona.</p> <p>Organización da execución de tratamentos faciais e corporais personalizados. Particularidades do protocolo personalizado: secuencia de técnicas, regulación de parámetros e temporalización.</p> <p>Asesoramento posterior ao tratamento: pautas de vida saudable, posibles efectos secundarios e precaucións. Pautas de aplicación de cosméticos de uso persoal.</p>

4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Información técnica e acomodación da clientela - Determinaranse as pautas de información, acomodación e protección da clientela	<ul style="list-style-type: none"> O profesor expón e propón unha práctica de información e acomodación sobre casos reais. 	<ul style="list-style-type: none"> Realiza a práctica de información e acomodación da persoa usuaria. 	<ul style="list-style-type: none"> Protección do profesional, informar e acomodar á persoa usuaria. 	<ul style="list-style-type: none"> Aula taller. 	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller TO.2 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller 	4,0
Hixiene postural - Identificaranse a hixiene postural idónea na execución dos tratamentos	<ul style="list-style-type: none"> O profesor explica e propón unha práctica entre o alumnado de ergonómia laboral. 	<ul style="list-style-type: none"> Realiza a práctica seguindo os consellos dados polo profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> Adecuación de posturas ergonómicas. 	<ul style="list-style-type: none"> Aula taller, vídeos. 	<ul style="list-style-type: none"> TO.3 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller 	3,0
Preparación da zona e técnicas aplicadas os tratamentos estéticos - Aplicátanse técnicas previas e xustificáranse programas e parámetros.	<ul style="list-style-type: none"> O profesor expón e propón unha práctica sobre casos reais. Guía ó alumnado sobre as técnicas empregadas. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar a práctica. Aplica as técnicas previas e elixe os programas e parámetros das técnicas empregadas. 	<ul style="list-style-type: none"> Ficha de tratamento. 	<ul style="list-style-type: none"> Aula taller. 	<ul style="list-style-type: none"> TO.4 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller TO.5 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller 	8,0
Realización de tratamentos estéticos - Estableceranse as secuencias do tratamento e as pautas para o asesoramento fora da cabina.	<ul style="list-style-type: none"> O profesor expón e propón unha práctica en casos reais. 	<ul style="list-style-type: none"> Ficha técnica. Realiza a práctica aplicando: as técnicas de información, protección e acomodación, diagnóstico, técnicas electroestéticas, técnicas manuais, cosmetoloxía, secuenciación, temporalización e asesoramento profesional. 	<ul style="list-style-type: none"> Ficha técnica, informe para o cliente, realización de protocolos. 	<ul style="list-style-type: none"> Aula taller, cosméticos, aparellos, equipos, lencería, útiles. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Cuestionario relacionado cos CA correspondentes PE.2 - Cuestionario relacionado cos CA correspondentes TO.6 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller TO.7 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller 	60,0

TOTAL	75,0
--------------	-------------

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Coidados estéticos anteriores e posteriores a cirurxía e medicina estética.	28

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Planifica a aplicación de coidados estéticos anteriores e posteriores aos tratamentos de cirurxía e medicina estética, seguindo o procedemento personalizado.	SI

4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Interpretar os informes e a prescrición médica	1	Interpretación de informes médicos	4,0
1.2 Redcoñecer os efectos que producen as técnicas dos tratamentos pre e post.			
2.1 Caracterizar a acomodación e protección persoal e da clientela	2	Acomodación, e protección persoal e do cliente.	4,0
2.2 Xustificar posturas e actitudes perante a execución do tratamento			
3.1 Identificar técnicas previas	3	Tratamentos pre e post-cirurxía e medicina estética	20,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
3.2 Aplicar protocolos de tratamentos pre e post-ciruxía e medicina estética avaliando os resultados			
TOTAL			28

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA6.1 Interpretáronse os informes e a prescrición médica.	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Cuestionario relacionado cos CA correspondentes 	S	3
CA6.2 Caracterizouse a acomodación e as medidas de protección persoal e da clientela nos procesos de tratamentos anteriores e posteriores á medicina estética.	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Cuestionario relacionado cos CA correspondentes 	S	5
CA6.3 Recoñecéronse os efectos que producen as técnicas dos tratamentos anteriores e posteriores á medicina estética.	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Cuestionario relacionado cos CA correspondentes 	S	15
CA6.4 Xustificáronse as posturas, os movementos e as actitudes que se deban manter durante a execución do tratamento.	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller 	S	10
CA6.5 Identificáronse as técnicas previas.	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - Cuestionario relacionado cos CA correspondentes 	S	15
CA6.6 Aplicouse o tratamento anterior á medicina estética segundo o protocolo establecido, combinando as técnicas e os tratamentos de hidratación, rexeneración, mellora da elasticidade, vascularización, etc., en condicións de hixiene e seguridade.	<ul style="list-style-type: none"> TO.2 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller 	S	25
CA6.7 Aplicouse o tratamento posterior á medicina estética segundo o protocolo establecido, combinando as técnicas electroestéticas, cosmetolóxicas e manuais en condicións de hixiene e seguridade.	<ul style="list-style-type: none"> TO.3 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller 	S	25
CA6.8 Planificáronse medidas de avaliación de resultados	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - Traballo de investigación relacionado cos CA correspondentes 	N	2
TOTAL			100

4.6.e) Contidos

Contidos
Interpretación de informes e prescrición médica.
Tratamentos e técnicas específicas en coidados estéticos previos e posteriores á medicina estética: tipos. Deseño do protocolo personalizado. Indicacións e contraindicacións.

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Contidos
Procesos de execución de tratamentos e técnicas específicas en coidados estéticos previos e posteriores á medicina estética: combinación de técnicas manuais, cosmetolóxicas e electroestéticas; fases do proceso; precaucións.

4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Interpretación de informes médicos - Interpretaranse os informes e recoñeceronse os efectos que producen as técnicas anteriores e posteriores	<ul style="list-style-type: none"> O profesor expón e facilita modelos de fichas e informes médicos para a súa interpretación. Abre debate de investigación sobre os mesmos. 	<ul style="list-style-type: none"> Investigan, interpretan e debaten os informes. 	<ul style="list-style-type: none"> Interpretación de fichas e informes. 	<ul style="list-style-type: none"> Fichas. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Cuestionario relacionado cos CA correspondentes PE.3 - Cuestionario relacionado cos CA correspondentes 	4,0
Acomodación, e protección persoal e do cliente. - Caracterizarase a acomodación e protección persoal e da clientela xustificando posturas, movemento e actitudes perante a execución do tratamento	<ul style="list-style-type: none"> Propón ó alumnos realizar un deseño de protocolo adaptándoo a patoloxía médico-estética. 	<ul style="list-style-type: none"> Deseño do protocolo. 	<ul style="list-style-type: none"> Protocolo secuenciado. 	<ul style="list-style-type: none"> Videos, revistas, ordenador. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Cuestionario relacionado cos CA correspondentes TO.1 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller 	4,0
Tratamentos pre e post-cirurxía e medicina estética - Aplicaranse tratamentos pre e post a cirurxía e medicina estética	<ul style="list-style-type: none"> Propón a realización de casos prácticos reais, organizando os alumnos/as en parellas. 	<ul style="list-style-type: none"> Elabora unha ficha na que reflectirá: interpretación, secuenciación, cosmetoloxía, aparatoloxía, técnicas manuais e temporalización. Coidados posteriores. Resolve o caso práctico tendo en conta as precaucións e aplicando as medidas de seguridade e hixiene. 	<ul style="list-style-type: none"> Executar a práctica dun tratamento. 	<ul style="list-style-type: none"> Aula taller, lencería, aparatoloxía, mobiliario, cosmetoloxía etc. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - Cuestionario relacionado cos CA correspondentes PE.5 - Traballo de investigación relacionado cos CA correspondentes TO.2 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller TO.3 - Contidos, comportamentos e actividades realizadas na aula taller 	20,0
TOTAL						28,0

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES:

Serán todos os marcados nas UD da programación, que son os seguintes:

Recoñeceronse as fases do protocolo de atención á clientela desde a recepción ata a despedida.

Establecéronse as normas sobre a hixiene, a indumentaria e a imaxe do persoal.

Obtivéronse os indicadores de calidade no proceso de atención á clientela

Relacionáronse as características dos servizos de imaxe persoal coas medidas de atención á clientela.

Especificáronse as secuencias de actuación na creación de novos tratamentos estéticos

Caracterizáronse os medios de publicidade e comunicación internos e externos nunha empresa de estética.

Recoñeceuse a actitude e a aptitude profesional como factor de calidade dos servizos estéticos.

Identificáronse os aspectos que han ser avaliados por ser determinantes na calidade do servizo prestado.

Identificáronse as principais causas que poden dar lugar a deficiencias no servizo prestado.

Formuláronse preguntas tipo que permitan detectar o grao de satisfacción da clientela, tanto polo resultado final obtido como pola atención persoal recibida.

Propuxéronse medidas correctoras para mellorar os servizos prestados e mellorar o grao de satisfacción das persoas usuarias.

Realizáronse supostos prácticos de valoración dos resultados.

Identificouse o proceso que hai que seguir ante unha reclamación.

Establecéronse as condicións ambientais na zona de traballo.

Identificáronse os postos de traballo nos establecementos estéticos.

Caracterizouse o control de existencias de cosméticos e materiais que se empregan nos tratamentos estéticos.

Especificáronse as características e os elementos que conforman a área de desinfección.

Proxectouse un plan de limpeza, hixiene e desinfección.

Descríbóronse os datos da ficha técnica.

Recoñeceuse a actitude e a aptitude profesional como factor de calidade dos servizos estéticos.

Analizáronse as variables que determinan un protocolo personalizado.

Distinguíronse, seleccionáronse e aplicáronse as técnicas para a análise estética da zona que se vaia tratar.

Estableceuse un cuestionario para a obtención de datos que teñen relevancia na análise estética.

Distinguíronse, seleccionáronse e aplicáronse as técnicas para a análise estética da zona que se vaia tratar.

Establecéronse os criterios de clasificación dos tratamentos integrais.

Determináronse os medios e os recursos necesarios.

Establecéronse os criterios de selección dos equipamentos técnicos e accesorios.

Identificáronse as características das técnicas manuais e a súa forma de aplicación.

Identificáronse as pautas de preparación e manipulación dos cosméticos.

Xustificouse o protocolo de aplicación dos tratamentos personalizados.

Tivéronse en conta as necesidades e demandas da clientela no deseño do protocolo personalizado.

Determináronse pautas de información á clientela sobre o tratamento estético, as técnicas, os efectos e as sensacións.

Xustificouse a acomodación e a protección da clientela segundo criterios de confortabilidade e seguridade.

Identificáronse as posturas, os movementos e as actitudes que cumpra adoptar durante a execución do tratamento.

Aplicáronse as técnicas previas ao tratamento segundo o protocolo establecido.

Xustificouse a elección de programas e parámetros das técnicas que se vaian empregar.

Estableceuse a secuencia do tratamento, combinando as técnicas electroestéticas, manuais e cosmetolóxicas seleccionadas

Establecéronse técnicas de finalización do tratamento (protección, maquillaxe, etc.).

Determináronse as pautas de asesoramento.

Relacionáronse as recomendacións cosméticas cos cuidados persoais fóra da cabina.

Interpretáronse os informes e a prescrición médica.

Caracterizouse a acomodación e as medidas de protección persoal e da clientela nos procesos de tratamentos anteriores e posteriores á medicina estética.

Recoñecéronse os efectos que producen as técnicas dos tratamentos anteriores e posteriores á medicina estética.

Xustificáronse as posturas, os movementos e as actitudes que se deban manter durante a execución do tratamento.

Identificáronse as técnicas previas.

Aplicouse o tratamento anterior á medicina estética segundo o protocolo establecido, combinando as técnicas e os tratamentos de hidratación, rexeneración, mellora da elasticidade, vascularización, etc., en condicións de hixiene e seguridade.

Aplicouse o tratamento posterior á medicina estética segundo o protocolo establecido, combinando as técnicas electroestéticas, cosmetolóxicas e manuais en condicións de hixiene e seguridade.

NOTAS:

Todo o alumnado formará parte dos modelos sobre os que se traballarán os protocolos; agás os que teñan algunha patoloxía que o impida (xustificarse presentando un informe do médico especialista que contraindique ditas técnicas). En ningún caso deberán entorpecer o desenvolvemento normal das actividades propostas polo profesor, nin crear coa súa actitude un clima de hostilidade entre os compañeiros. Se houbera alumnado que se atopara nesta situación, permanecerán na aula-taller realizando as tarefas que lle propoña o profesor, que non teñen porque ser as mesmas que as que realice o resto do alumnado, esta

situación non repercutirá no desenvolvemento ensinanza -aprendizaxe do resto do grupo.

As faltas de asistencia xustificadas do alumno/a, non o eximirán da obrigaón de ter actualizados os contidos impartidos ata a data.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Ó tratarse de avaliación continua, avaliaranse os contidos impartidos en cada avaliación e dos impartidos nas anteriores. De tal xeito que:

- Se aproba a 1ª avaliación e suspende a 2ª, ten as dúas suspensas.
- Se suspende a 1ª e aproba a 2ª, ten as dúas aprobadas.

Empregaranse os seguintes instrumentos de avaliación, adecuados segundo o indicado no apartado 4.c., con respecto ós criterios de avaliación:

- Probas escritas para os criterios nos que así se especifica.
- Probas prácticas: para os criterios onde se indica táboa de observación.
- Traballos e outros como esquemas, clasificacións, exposicións, debuxos, etc. realizados como tarefa do alumnado fóra das horas lectivas ou na clase segundo se indique.

PROBAS ESCRITAS:

As Probas Escritas versarán sobre os criterios de avaliación que así o indiquen, que poden ser de resposta curta, verdadeiro ou falso, tipo test, realización de gráficos, etc. e cada un dos bloques, que estará asociado a un C.A., pode ter unha ou máis preguntas; para poder acadar a avaliación positiva, tódolos bloques deberán superar a metade da nota establecida en cada un deles.

PROBAS PRÁCTICAS:

As actividades e/ou tarefas realizadas na aula diariamente, relacionadas cos C.A.s nas que se emprega como instrumento de avaliación a Táboa de Observación, serán de aprendizaxe, avaliábeis e avaliadas, de tal xeito, que a maioría das tarefas realizadas na aula, SON PROBAS PRÁCTICAS; que se cualificarán para a nota da avaliación correspondente, indicándolle ao alumnado previamente os contidos e cando e como se realizarán, segundo estime o profesor/a en cada caso. As clases prácticas realizaranse principalmente entre o alumnado da clase, e nalgúns casos con modelos externos. O alumnado actuará como modelo obrigatoriamente segundo as normas establecidas e indicadas polo profesor/a, nas prácticas de aprendizaxe e/ou avaliábeis que así se requira, agás causa debidamente xustificada e valorada polo profesor/a. No caso das probas e/ou prácticas avaliadas coa Táboa de Observación o profesor/a indicará o procedemento a seguir en cada caso. Poderase requirir a realización por escrito do protocolo de realización previamente a súa execución, que poderá incluír: fases, secuenciación, medios materiais e cosméticos, tempos, asesoramento, etc., dos procesos, así como a súa xustificación, neste caso de xeito escrito ou oral, antes ou durante o desenvolvemento do proceso. Formará parte da cualificación correspondente da proba ou práctica avaliábeis.

TRABALLOS E OUTROS:

As probas, traballos de investigación, actividades e/ou tarefas e outros avaliábeis non realizadas ou non entregadas en data, constarán como un cero, e só se poderán entregar posteriormente se son debidamente xustificadas e valoradas estas polo profesor/a. No caso de aceptar a xustificación, indicárselle cando e como debe realizalas. En calquera caso, deberán ser realizadas e entregadas cas especificacións que se indiquen para poder acadar avaliación positiva.

Seguiranse as indicacións sanitarias e educativas en seguridade e hixiene durante as clases. De non seguirlas tomaranse as medidas oportunas e necesarias segundo o caso, dado o emprego na realización das prácticas na aula de materiais/productos que poden supor un serio risco para as persoas e/ou as cousas no caso de ser empregados de xeito incorrecto e sen tomar as debidas de precaucións ou carecer dos coñecementos apropiados, compre sinalar que se poderá prohibir a realización de determinadas prácticas a aqueles alumnos/as que non sigan as instrucións.

Non se acadará o aprobado se non supera a metade da nota máxima establecida en cada unha das probas, tarefas, prácticas, apartados, etc., de ser o caso a nota máxima será 4 puntos, inda que a media supere o 5. Unha vez superados, farase unha media ponderada de cada parte (Probas escritas, Probas prácticas, Traballos e outros), segundo o peso de cada parte, e calcularase a nota seguindo o seguinte criterio:

- Porcentaxe de cada parte:

PARTE TEÓRICA: 30%

TARTE PRÁCTICA: 60%

TRABALLOS E OUTROS: 10%

A fórmula para calcular a nota será:

$(\text{NOTA PROBA ESCRITA } (>5)) \times 0.3 + (\text{NOTA PARTE PRÁCTICA } (>5)) \times 0.6 + (\text{NOTA TRABALLOS E OUTROS } (>5)) \times 0.1 = \text{NOTA FINAL NÚMERO ENTEIRO}$ (aproximando positiva ou negativamente, seguindo criterios da evolución do proceso de ensinanza-aprendizaxe de cada alumno/a individualmente).

Ó tratarse dunha avaliación continua, a nota final coincidirá coa nota da última avaliación.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Establecerase unha relación de actividades teórico-prácticas para que o alumnado realice ó longo de todo o curso, e dado que é unha avaliación continua, reforzaranse aqueles contidos propios do módulo que presenten maior dificultade para poder acadar os mínimos exixibles.

Realizaranse actividades tanto teóricas como prácticas e traballos ó longo do curso para poder facer un seguimento dos coñecementos mínimos exixibles.

Con todo, establecerase un período de recuperación dende a última avaliación ata finais de xuño para aqueles alumnos/as que non acadaran todos os obxectivos mínimos, no que se reforzarán os contidos non superados.

Ó remate, realizarase unha proba teórica e práctica, na que se avaliarán os criterios da avaliación mínimos exixibles cun valor do 30% para aqueles que se avalían como parte teórica (proba escrita, fichas teóricas, gráficos, etc.), do 60% os que se avalían na táboa de observación (tarefas prácticas, simulacións, fichas prácticas, etc.) e do 10% traballos e outros.

As probas escritas versarán sobre os criterios de avaliación que así o indiquen, que poden ser de resposta curta, verdadeiro ou falso, tipo test, realización de gráficos, etc. e cada un dos bloques, que estará asociado a un C.A., pode ter unha ou máis preguntas; para poder acadar a avaliación positiva, tódolos bloques deberán superar a metade da nota establecida en cada un deles.

As probas prácticas poden ser unha ou varias das realizadas durante o curso relacionadas cos C.A.s do módulo. Antes ou durante as mesmas, pódese pedir ó alumnado que realice o protocolo que vai seguir escrito ou oral segundo conveña, así como responder ás cuestións que se lle pregunte, se é necesario aclarar algunha dúbida sobre o traballo que está a realizar.

Para desenvolver a parte práctica é imprescindible que o alumno/a traia o modelo, o material e os utensilios necesarios para realizar as tarefas propostas polo profesor/a e que son as propias do módulo.

Os traballos e outros poden ser os que se realizaron durante o curso ou os que se vexan oportunos sempre e cando se relacionen con C.A.s que así o indican no apartado 4.c desta programación.

Para facer a media ponderada con tódolos instrumentos de avaliación, o alumno/a terá que acadar como mínimo a metade da nota máxima establecida en cada unha das probas.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

ALUNNADO CON PD: Conforme se determina no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10% de faltas de asistencia sen xustificar e o 20% xustificadas e sen xustificar, respecto da duración total do módulo. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou da alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interno do centro.

O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que perdesen o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións.

Para o alumnado que perda o dereito á avaliación continua, realizaráselle unha proba escrita e outra práctica (poden ser un ou varios protocolos dos realizados durante o curso) relacionados cos criterios de avaliación expostos na programación, cunha duración máxima total de 4 horas.

A proba práctica puntuará o 60% e a escrita un 40%.

Para facer a media entre as probas teórica e as prácticas o alumno/a terá que superar tanto a parte práctica como teórica cunha nota mínima do 50% da nota máxima establecida para cada unha das probas.

O alumno/a deberá traer os modelos, os útiles e o material necesarios para poder facer a proba que se lle propoña, acorde ós contidos do módulo.

As datas das probas serán publicadas pola dirección do centro nos taboleiros correspondentes.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Á hora de facer un correcto seguimento da programación e poder avaliar a propia práctica docente compre sinalar que o desenvolvemento da mesma vai ter unha marcada interdependencia alumno/a-profesor/a para acadar un bo proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Por iso é preciso que vaia anotando o desenvolvemento das actividades que se están a realizar (por exemplo nos tempos inicialmente asignados, para acadar un mellor cumprimento das esixencias previstas). O resultado desta análise servirá para adoptar correccións futuras.

O obxectivo é corrixir as desviacións que se ocasionen na Programación Didáctica e producir adaptacións nestas cando xorden situacións non previstas durante o curso.

O seguimento realizarase na plataforma correspondente (Progeamacións- Seguímentos), e de ser o caso, notificarase nas reunións de Departamento conforme ós criterios que se realiza ó principio de cada curso ou avaliación.

As modificacións, quedarán reflectidas na aplicación web (seguimento), e á súa vez incluíranse na Acta de Departamento correspondente, asinada polos profesores ós que lles afecte máis o xefe do Departamento.

En caso de cambios informarase ó alumnado.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Os informes facilitados na Avaliación Inicial do Ciclo Formativo (segundo o establecido na Orde do 12 de xullo de 2011, DOG do 15 de xullo) facilitarán as situacións académicas e persoais do alumnado. O equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a e de cada alumna, así como as súas capacidades. Esta avaliación inicial ten como obxectivo orientar e situar ó alumnado en relación co perfil profesional correspondente e fixar un punto de partida, e así desenvolver un proceso de ensinanza-aprendizaxe acorde ó nivel do grupo.

Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

Esta información poderá proceder, entre outras:

- a) Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.
- b) Dos estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
- c) Do alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
- d) Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- e) Da experiencia profesional previa.
- f) Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
- g) Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela, recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia á xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas.

Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.



8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para o caso do alumnado que teña necesidades educativas especiais e tal como indica o Artigo 61 do Decreto 114, do 1 de Xullo, respectarase o establecido na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de Maio, polo que cada caso será analizado particularmente, establecendo as flexibilizacións e apoios oportunos para garantir que se compren os mínimos fixados no apartado 5 (mínimos exixibles) para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación. Esta situación verase reflectida na ficha do alumno/a e as flexibilizacións e apoios fixados terán que contar coa autorización e visto bo da Inspección de Educación.

Dentro do grupo pode haber alumnos/as que non acadan os obxectivos das actividades ou, pola contra, que acadan sobradamente os obxectivos previstos. En ambos casos prantexaranse alternativas.

- Ofrecer para cada actividade tres posibilidades:

1. Unha actividade común para todo o alumnado con fin de asimilalos contidos mínimos.
2. Unha máis complexa para o alumnado que acade os obxectivos previstos onde se afofunde nos coñecementos adquiridos.
3. Unha máis sinxela, cunha metodoloxía distinta e máis secuenciada, para que aquel alumnado que non acadara os mínimos, sexa capaz de chegar por outro camiño ós fins propostos.

- Seguimento máis preto do profesor ou profesora do alumnado con dificultades para acadar os obxectivos.

No caso de detectar alumnos/as con necesidades especiais, discapacidade físicas, psíquicas, sensoriais, ou alumnos con dificultades de idioma..., ou calquera nas que esté indicado unha adaptación en unidades formativas, o equipo de orientación, o titor e o mesmo profesor elaborarán a correspondente flexibilización curricular.

Para o alumnado que non supere o módulo, ademais das medidas anteriormente expostas, realizaranse probas orais ou/e escritas xunto coa realización dalgunha das actividades das unidades de traballo nas que non se acadaran os obxectivos previstos.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Aproveitando as características da módulo e do alumnado potenciaremos a Educación Medioambiental (reciclaaxe, aforro de auga, luz,...) e a Educación para a Igualdade de sexos e non discriminación da muller (Artigos. 9 e 10 da lei 7/2004 de igualdade de mulleres e homes).

Ademais traballaranse diversos temas transversais que se tratarán ó longo do curso como:

- Importancia da vida saudable para o benestar corporal: alimentación equilibrada, exercicio físico, hixiene corporal.
- O medio ambiente e a preservación dos recursos naturais: importancia da reciclaaxe e eliminación de materiais susceptibles de ser contaminantes, sen contribuír ó seu deterioro.
- A prevención do cancro de pel.
- Colaboración entre profesionais: intrusismo profesional.
- Prevención de riscos laborais e enfermidades profesionais.
- Educación para a convivencia, o respecto á autonomía dos demais, fomentar a asertividade no ámbito escolar e profesional.

- Educación para a paz.
- Educación do consumidor (desenvolver un coñecemento dos mecanismos do mercado, crear unha conciencia de consumo responsable que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade).
- Educación para a igualdade (analizar con criterio a realidade e corrixir prexuízos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, profesións etc), para consolidar hábitos non discriminatorios.
- Educación multicultural: a educación multicultural -ou intercultural- ven esixida pola crecente intercomunicación das culturas.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Debido á situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, e seguindo o Protocolo de adaptación ao contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021, soamente se poderán realizar as actividades que cumpran todas as garantías de seguridade e prevención de contaxios. Estas actividades irán xurdindo segundo a evolución da situación epidemiolóxica e circunstancias en cada caso.

Promoverase e facilitarase a participación activa do alumnado en todas aquelas actividades propostas dende o Departamento ou o Centro que teñan que ver co currículo do Ciclo, especialmente naquelas que traten aspectos directamente relacionados co módulo.

Agás casos excepcionais, desenvolvidos no propio Centro no horario lectivo do módulo e que poidan substituír ás explicacións do profesor nalgunha Unidade Didáctica, estas actividades non terán carácter obrigatorio nin serán avaliadas. De selo, informarase ó alumnado previamente coa finalidade de que tomen as anotacións oportunas.

Actividades como:

- Cursos no IES con empresas do sector.
- Asistencia a Congresos, Ateliers, Demostracións, tanto nas casas comerciais como no propio I.E.S.
- Desfiles.
- Seguimento das novas publicacións, libros, revistas, vídeos, DVDs, etc.
- Visitas a exposicións, feiras, congresos de tipo profesional e cultural.
- Realizar cursos de actualización profesional por parte dalgunha casa comercial ou outros profesionais.
- Visitas a fábricas de cosméticos, balnearios, exposicións etc.
- Participación en diferentes actividades relacionadas coa profesión.

Os obxectivos destas actividades están encamiñadas a:

- Mellorar e favorecer o desenvolvemento persoal e profesional do alumnado.
- Coñecer protocolos de actuación doutros profesionais.

- Facilitar a ampliación doutros horizontes, criterios e posibilidades laborais, así coma coñecer e valorar as súas propias posibilidades.

10. Outros apartados

10.1) Medidas de reforzo

Este módulo require actividades de reforzo relativo ós módulos de aparellos, masaxe, cosmetoloxía e dermo, dado que é un compendio de tódolos módulos do primeiro curso, traballando a incompatibilidade e a sinerxía entre as diferentes técnicas (manuais, electroestéticas, cosmetolóxicas, hidrotermais...), e realizando os protocolos persoalizados.

10.2) DEREITO Á REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS NA AULAción

Por mor do emprego na realización das prácticas na aula de materiais/produtos que poden supor un serio risco para as persoas e/ou as cousas no caso de ser empregados de xeito incorrecto e sen tomar as debidas precaucións ou carecer dos coñecementos apropiados, compre sinalar que se poderá prohibir a realización de determinadas prácticas a aqueles alumnos/as que:

- Incumpran algún dos criterios sinalados no apartado Programación da educación en valores.
- Causen danos de xeito intencionado.
- Non teñan asistido ás explicacións referentes ó uso do material/técnicas da práctica.
- Non respecten ás indicacións do profesor na realización dalgunha práctica.
- Se valore, de xeito obxectivo, que carece dos coñecementos ou destreza necesarios para a execución da práctica.
- Que supoña un risco para o modelo ou para sí mesmo.

Cando, en base dalgún dos puntos anteriores, sexa de aplicación a prohibición de realizar as prácticas na aula o/a alumno/a afectado será avaliado segundo o indicado no apartado: Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua.

10.3) SECUENCIA DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

Debido a complexidade na divisións das UD do módulo poderá ser preciso modificar a secuencia establecida adiantando parte dos contidos. Teremos tamén en conta que a maioría das UD necesitan dos coñecementos, prácticas, actitudes das anteriores e ás veces das posteriores. Haberá polo tanto unha marxe de flexibilidade, non influíndo isto na duración das mesmas.

10.4) TRATAMENTO DE FOMENTO DAS TICs, E PROXECTO LINGÜÍSTICO

Dende o módulo fomentárase a actuación dos alumnos/as na utilización das novas tecnoloxías (para a realización de traballos teóricos, busca de información, e novas relacionadas coa profesión). O Centro conta con aulas específicas onde poderán traballar con Internet, encerado dixital interactivo e así facilitarlle a todo o alumnado o acceso a estas técnicas; coma no Proxecto Lingüístico do Centro.

Nos módulos impartidos en galego, aínda que moitas veces ó carecer de libros de texto nesa lingua, os apuntes daranse en castelán, pero tanto os exames, coma as explicacións de ditos apuntes son en galego. No caso de que exista un alumno/a de fóra da Comunidade verase a posibilidade de facilitarlos en castelán.

O uso do galego, en parte ven determinado porque é a lingua predominante no entorno do Centro.

10.5) FICHA DO ALUMNO/A

A ficha do alumno vai ser unha ferramenta básica para o/a profesor/a para garantir o correcto seguimento da evolución do alumnado. Vai conter como mínimo as seguintes informacións:

- * Datos persoais do/a alumno/a.
- * Grupo de traballo asignado.
- * Cadro de asistencia.
- * Cadro de seguimento das tarefas realizadas, incluíndo datas de inicio e remate, valoración da tarefa, etc.
- * Adaptacións específicas:
 - Reforzos.
 - Tareas de recuperación.
 - Etc
- * Resultados das distintas avaliacións, tanto parciais como finais do módulo e das distintas UD.

10.6) GUÍA DO PROFESOR

A guía do profesor vai permitir realizar un seguimento directo do curso, reflectindo canta información sexa necesaria para valorar o cumprimento da programación e/ou propor melloras na mesma.

Deste xeito conterà, polo menos, para cada Unidade Didáctica e Actividade programada a seguinte información:

- * Datas de inicio e remate.
- * Sesións reais.
- * % de alumnado que aproba.

- * Grao de comprensión ou dificultade.
- * Observacións.

Ademais, para cada tarefa encomendada reflectirase:

- * Data de inicio e remate asignadas.
- * Título da tarefa.
- * Composición da tarefa.

10.7) DESCRICIÓN DOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E DO SEU PESO NA AVALIACIÓN.

Tal e como se sinala nos correspondentes apartados, os Criterios de Avaliación van ser valorados empregando distintos instrumentos de avaliación. Estes terán as seguintes características:

PE (Proba escrita): terá, con carácter xeral, o formato de exame escrito. Para cada proba indicarse na mesma a puntuación de cada unha das preguntas. O conxunto da proba terá unha valoración de 1 a 10. Poderá agrupar varias Unidades Didácticas e, neste caso, aplicarase a nota obtida a todas elas.

TO (Táboa de observación): serán aplicadas por observación directa do traballo do/a alumno/a empregando unha Escala de Valoración. Cada unha delas será avaliada segundo o criterio: nunca (0), case nunca (2,5), ás veces (5), case sempre (7,5) e sempre (10).

Á hora de avaliar as distintas Unidades Didácticas (UD), empregarase o seguinte criterio:

- Para poder obter unha valoración positiva, tódolos instrumentos de avaliación deberán ter unha nota igual ou superior á metade da nota máxima establecida.

Con carácter xeral e salvo excepción, reflectida de ser o caso, no seguimento da programación, no momento en que se acade a posibilidade de obter unha valoración positiva na UD aplicarase a seguinte porcentaxe:

NOTA UD = 30% (Parte teórica) + 60% (Parte práctica) + 10% (traballos e Outros)

No caso de non ser un número enteiro, a nota incrementarase en función das valoracións obtidas nas TO asociados á UD, en cada alumno/a individualmente, en función da evolución no proceso ensinanza-aprendizaxe durante o curso.

No caso de non acadar o mínimo para obter unha avaliación positiva a nota máxima da UD será 4.

Para o conxunto da avaliación, deberanse ter tódalas UD incluídas na mesma, avaliadas positivamente (5 ou máis). Neste caso farase a media correspondente de tódalas UD (segundo a porcentaxe establecida). No caso de ter algunha UD non superada a nota máxima será 4.

10.8) RESOLUCION 2019/20

Renuncia, anulación e baixa de oficio de matrícula:

Procederase á baixa de oficio cando un alumno ou unha alumna acumule o número de faltas inxustificadas a que se fai referencia no artigo 10 da Orde do 12 de xullo de 2011.

a) Para tales efectos e con carácter previo, o centro enviará un apercibimento ó alumnado que acumule un número de faltas de asistencia inxustificadas superior a 10 días lectivos. Nel indicárase a obriga de asistencia e que se procederá á súa baixa de matrícula en caso de que as súas faltas inxustificadas de asistencia representen 15 días lectivos consecutivos ou 25 días lectivos descontinuos. En caso de que se produza a baixa, na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da baixa.

b) Para o alumnado matriculado logo de iniciadas as actividades lectivas non se terán en consideración os días previos á formalización da matrícula.

Perda do dereito á avaliación continua:

1. Conforme se determina no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total, e modificado e aprobado no NOFC deste curso, o 20% de faltas xustificadas e sen xustificar. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou da alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interno do centro. Para tales efectos e con carácter previo, o centro enviará un apercibimento ó alumno ou á alumna cando as faltas de asistencia inxustificadas consonte o anterior nun determinado módulo superen o 6 % respecto da súa duración total. Nel indicárase que perderá o dereito á avaliación continua no módulo de acumular un 10 % de inasistencias inxustificadas con respecto á súa duración total. Cando as faltas de asistencia alcancen a citada porcentaxe comunicárase a perda do dereito á avaliación continua. En caso de que se produza a perda do dereito á avaliación continua, na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.

2. Para o alumnado matriculado logo de iniciadas as actividades lectivas, non se terán en consideración as sesións previas á formalización da matrícula.

3. O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011. A cualificación obtida na dita proba consignárase na avaliación final de módulos do curso correspondente.

Solicitud de convocatoria extraordinaria:

O alumnado que esgotase as convocatorias ás que tiña dereito poderá solicitar a autorización dunha única convocatoria extraordinaria para poder rematar os seus estudos, de acordo co procedemento e nas



condicións que se establecen nos artigos 11 e 12 da Orde do 12 de xullo de 2011.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32009116	12 de Outubro	Ourense	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CSIMP01	Estética integral e benestar	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0755	Formación e orientación laboral	2023/2024	4	107	128
MP0755_12	Prevenção de riscos laborais	2023/2024	4	45	54
MP0755_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2023/2024	4	62	74

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	SUSANA OSORIO BLANCO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A formación relativa á prevención de riscos laborais aumenta a empregabilidade do alumnado que supere estas ensinanzas e facilita a súa incorporación ao mundo do traballo, ao capacitalo para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais.

Ademáis o módulo FOL permite acadar as competencias de organizar e coordinar equipos de traballo, achegando solucións aos conflitos de grupo que se presenten, adaptarse ás novas situacións laborais, comunicarse cos iguais, cos superiores, coa clientela e coas persoas baixo a súa responsabilidade, utilizando vías eficaces de comunicación, ou exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas da actividade profesional.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe				Resultados de aprendizaxe				
					MP0755_12				MP0755_22				
					RA 1	RA 2	RA 3	RA 4	RA 1	RA 2	RA 3	RA 4	
1	A prevención de riscos laborais.	Conceptos básicos de prevención de riscos laborais.	9	5	X								
2	A avaliación de riscos laborais.	Identificación e avaliación de riscos laborais.	19	10		X		X					
3	Medidas de prevención e protección.	Identificación das medidas de prevención e protección fronte aos riscos laborais, e selección das medidas oportunas ante determinados riscos	7	5				X					
4	A planificación da prevención.	Concepto, significación, estrutura e contido do plan de prevención, e elaboración do plan de prevención dunha empresa do sector.	19	15			X						
5	O Dereito Laboral.	Recoñecemento das relacións laborais, e das principais normas e principios do dereito laboral.	7	5						X			
6	A relación laboral individual	Análise da aplicación das normas labois a unha relación laboral concreta: clasificación profesional, tempo de traballo e descanso e retribución	7	10						X			
7	O contrato de traballo	Análise dos elementos dun contrato de traballo e das principais modalidades contractuais vixentes.	6	10						X			
8	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.	Análise das causas, procedemento e consecuencias da modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.	16	10						X			
9	A participación dos traballadores na empresa.	Recoñecemento dos representantes dos traballadores dentro e fora da empresa, das causas e procedemento dos conflitos colectivos e identificación e análise do convenio colectivo aplicable como fonte do dereito.	6	10						X			
10	A Seguridade Social.	Identificación do concepto e da estrutura da Seguridade Social, dos dereitos de obrigas de empresarios e traballadores e análise da súa acción protectora, incluíndo a protección por desemprego.	17	10						X	X		
11	A procura de emprego.	Elaboración do itinerario formativo e profesional en base ao coñecemento dun mesmo, e aplicación de técnicas de procura de emprego.	10	5									X
12	O traballo en equipo.	Concepto e características do traballo en equipo eficiente, identificación dos conflitos que poden xurdir e emprego da negociación como vía para a resolución de conflitos.	5	5					X				
			Total: 128										

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A prevención de riscos laborais.	9

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	SI

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Espertar o interese pola prevención de riscos no traballo e influír na mesma.	1	O traballo e a saúde.	2,0
2.1 delimitar os requisitos que son necesarios para falar de condición de traballo, risco profesional, dano profesional, accidente de traballo, enfermidade profesional e outros danos sobre a saúde	2	Identificar dos principais elementos na prevención de riscos	3,0
2.2 Nunha situación real identificar os distintos conceptos básicos na prevención de riscos laborais.			
2.3 relacionar os factores de risco, cos correspondentes danos profesionais e coas técnicas de prevención e protección.			
3.1 empregados	3	Os principios de acción preventiva empregados	1,0
4.1 Lectura, análise e valoración crítica dos artigos 14 a 29 da Lei de prevención de riscos laborais.	4	Análise e valoración dos artigos 14 a 29 da Lei de prevención de riscos laborais.	2,5
5.1 Reflexionar sobre prácticas seguras no desenvolvemento do traballo. no traballo.	5	As nosas prácticas.	0,5
TOTAL			9.0

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.	• PE.1	S	30
CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.	• PE.2	S	30
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.	• TO.1	N	5
CA1.4 Comprenderónse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.	• PE.3	S	10
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.	• TO.2	N	10
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector de coidados da imaxe persoal.	• OU.1	S	5
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.	• TO.3	S	10
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.</p> <p>Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.</p> <p style="color: green;">Clasificación dos principios da acción preventiva .</p> <p>Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.</p> <p style="color: green;">Importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais. (CA1.3.)</p> <p style="color: green;">Actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente. (CA1.4.)</p> <p style="color: green;">Vixilancia da saúde dos traballadores. (CA1.6)</p> <p>Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.</p>

Contidos
Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos. Protección específica de traballadores con contratos temporais, de duración determinada ou en ETTs. Protección específica de traballadores menores de idade, da maternidade e da lactación.

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O traballo e a saúde. - O traballo e saúde	<ul style="list-style-type: none"> Sondar os coñecementos previos sobre os riscos no traballo; preguntando por testemuños de accidentes laborais, persoais ou ben sufridos por familiares e coñecidos... 	<ul style="list-style-type: none"> Os alumnos visualizarán algún vídeo ou lerán algún artigo relativo a condicións de traballo dende o punto de vista da saúde laboral. Posta en común do grupo clase, coa moderación do profesor, sobre as condicións do traballo reflectidas no vídeo ou artigo e a súa influencia sobre a saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> Conclusións sobre condicións de traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto ou apuntes facilitados pola profesora. Internet ou artigo de prensa. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 	2,0
Identificar dos principais elementos na prevención de riscos - Identificación dos principais elementos na prevención de riscos.	<ul style="list-style-type: none"> O profesor explica os conceptos de condicións de traballo potencialmente perigosas, risco laboral, factores de risco, medidas de prevención, medidas de protección colectiva, medidas de protección individual e danos profesionais, establecendo as relacións entre eles. O profesor confecciona ou procura un caso práctico no que se reflecta unha situación de traballo con diversas condicións de traballo potencialmente perigosas 	<ul style="list-style-type: none"> Entrégase unha folla cunha lista de riscos laborais e de factores de risco. Os alumnos relacionarán un risco con distintos factores de risco asociados que contribúan a agravar o risco, os danos máis probables, e as medidas que ao seu xuício adoptarían. Os alumnos en equipos de 2 ou 3 compoñentes solucionarán un caso práctico no que deberán identificar un risco, e a continuación sinalar os distintos factores de risco asociados, os danos máis probables, e as medidas que 	<ul style="list-style-type: none"> Casos prácticos resolto 	<ul style="list-style-type: none"> Listaxe de riscos laborais e factores de risco. Libro de texto ou apuntes facilitados pola profesora. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 	3,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	que poidan xerar distintos riscos laborais; alomenos contará con tantos riscos diferenciados como equipos de traballo se formen.	ao seu xuicio adoptarían. Cando un equipo decida o risco no que pensa traballar o comunica ao resto da clase xa que os demais compoñentes non poden analizar o mesmo. ¿ • Facemos unha posta en común dos distintos elementos atopados polos equipos e as propostas de medidas sinaladas por cada equipo				
Os principios de acción preventiva empregados - Coñecer os principios que deben guiar a acción preventiva.	<ul style="list-style-type: none"> • O profesor comenta os principios da acción preventiva que debe aplicar o empresario (artigo 15.1 da Lei de prevención de riscos laborais) resaltando a orde na que debe aplicalos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Revisión da última tarefa da actividade anterior para incorporar novas medidas preventivas ou de protección derivadas da aplicación dos principios preventivos, sinalando a orde na que se deben aplicar 	<ul style="list-style-type: none"> • Suposto práctico resolto. 	<ul style="list-style-type: none"> • Listaxe de principios da acción preventiva. • Libro de texto ou apuntes facilitados pola profesora. • Procesador de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.2 	1,0
Análise e valoración dos artigos 14 a 29 da Lei de prevención de riscos laborais. - Analizar os dereitos e deberes de empresarios e traballadores en materia de prevención de riscos laborais.	<ul style="list-style-type: none"> • O profesor facilita o texto dos artigos 14 a 29 da Lei de Prevención. • O profesor selecciona as preguntas máis interesantes dende un punto de vista didáctico e elabora un cuestionario. 	<ul style="list-style-type: none"> • A clase agrúpase por parellas, para analizar o artigo que lle sinala a profesora. O seu traballo consistirá en facer un esquema gráfico no que se reflectan os dereitos do traballador, sinalando as súas características e o seu alcance, así como os deberes do empresario, tanto de acción como documentais. • Cada parella redactará un máximo de tres preguntas sobre o artigo analizado, coas que se confeccionará un cuestionario. Cada pregunta numerarase co 	<ul style="list-style-type: none"> • Esquema sobre dereitos e deberes. • Cuestionario. • Cuestionario resolto. 	<ul style="list-style-type: none"> • Libro de texto ou apuntes facilitados pola profesora. • Artigos 14 a 29 da Lei de Prevención 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.1 • PE.3 • TO.1 • TO.2 	2,5

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
		número de artigo, punto e o número de pregunta (por exemplo 26.1, 26.2, 26.3) <ul style="list-style-type: none"> Os alumnos, individualmente, utilizando os artigos 14 a 28 da Lei de prevención, solucionan o cuestionario, que se corraxirá no grupo- clase. 				
As nosas prácticas. - Coñecer sobre se as nosas prácticas son ou non seguras		<ul style="list-style-type: none"> O profesor organizará aos grupos, explicarlles a tarefa a realizar e moderará os debates Os alumnos, en equipos de 3 ou 4 membros, deben describir nun documento un exemplo de cada unha das obrigas dos traballadores do artigo 29. As obrigas deben ser preferentemente de prácticas nos talleres do ciclo formativo. Posteriormente, poranse en común os exemplos dos distintos equipos. Utilizando un procesador de textos os alumnos elaboran un informe onde expliquen distintas prácticas inseguras observadas no traballo no taller ou obradoiro. 	<ul style="list-style-type: none"> Informe. 	<ul style="list-style-type: none"> Procesador de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> TO.3 	0,5
TOTAL						9,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A avaliación de riscos laborais.	19

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector de coidados da imaxe persoal.	SI
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en estética integral e benestar.	NO

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os factores de risco profesional relacionados coa de seguridade, e os posibles danos profesionais e as medidas de prevención a adoptar. 1.2 identificar os principais factores de risco relacionados coa Hixiene industrial, danos profesionais que orixinan e medidas de prevención e protección a aplica 1.3.2 identificar os principais factores de risco relacionados coa Ergonomía , danos profesionais que orixinan e medidas de prevención e protección a aplica 1.4.2 identificar os principais factores de risco relacionados coa Psicosocioloxía , danos profesionais que orixinan e medidas de prevención e protección a aplica	1	Factores de risco e danos profesionais.	9,0
2.1 Identificar os factores de risco profesional e os posibles danos profesionais de cada un deles, máis habituais nos contornos de traballo de persoas con titulación de técnico superior en estética integral e benestar/ técnico en peiteado e cosmética capilar.	2	Factores de risco e danos profesionais no sector da imaxe persoal.	3,0
3.1 Realizar unha avaliación de riscos dun taller de estética / perrucaría do propio centro educativo.	3	Avaliación de riscos do taller.	7,0
TOTAL			19

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en estética integral e benestar.	• PE.1	S	10
CA2.2 Clasifícanse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.	• PE.2	S	10
CA2.3 Clasifícanse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en estética integral e benestar.	• PE.3	S	20
CA2.4 Identifícanse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en estética integral e benestar.	• PE.4	S	20

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade.	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 	S	20
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 	S	20
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.</p> <p>Riscos derivados das condicións de seguridade: Riscos nos lugares de traballo e nas instalacións. Riscos no uso de equipos de traballo.</p> <p>Riscos medioambientais: Riscos físicos, químicos e biolóxicos</p> <p>Riscos derivados da carga e da organización do traballo.</p> <p>Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.</p> <p>Riscos específicos no sector de coidados da imaxe persoal en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.</p> <p>Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector de coidados da imaxe persoal.</p> <p>Medidas de prevención e protección individual e colectiva.</p>

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Factores de risco e danos profesionais. - Análise dos factores de risco e os posibles danos resultantes da materialización do risco.	<ul style="list-style-type: none"> Sondaxe entre o alumnado sobre posibles riscos no traballo e as consecuencias da súa materialización, que 	<ul style="list-style-type: none"> Os alumnos cumprimentarán un cuestionario con preguntas teóricas e supostos prácticos relativas 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionario resolto. 	<ul style="list-style-type: none"> Internet. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 	9,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.	• OU.3	S	20
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.	• TO.3	N	10
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.	• OU.4	N	10
TOTAL			100

4.12.e) Contidos

Contidos
<p>Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.</p> <p>Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.</p> <p>Equipos no sector de coidados da imaxe persoal segundo as funcións que desempeñen.</p> <p>Dinámicas de grupo.</p> <p>Equipos de traballo eficaces e eficientes.</p> <p>Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.</p> <p>Conflito: características, tipos, causas e etapas.</p> <p>Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.</p>

4.12.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O traballo en equipo. - Identificación das características do equipo de traballo, e das súas vantaxes e inconvenientes.	<ul style="list-style-type: none"> A profesora explica brevemente o concepto de equipo de traballo, as diferenzas entre grupo e equipo de traballo e as vantaxes e inconvenientes do traballo en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> O alumnado, en parellas, resolverá un cuestionario con supostos prácticos no que deberán: identificar a existencia dun grupo ou dun equipo de traballo en diferentes situacións propostas pola profesora; determinar a conveniencia de traballar de xeito individual ou en equipo, analizando as vantaxes e os inconvenientes de cada opción en diferentes situacións propostas pola profesora. Posta en común dos supostos prácticos resoltos. Os equipos, coas aportacións dos compañeiros, presentarán por escrito a resolución dos supostos prácticos á profesora, para a súa valoración. 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionario resolto. 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto ou apuntes facilitados polo profesor. Internet. Procesador de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 	0,5
A eficiencia do equipo de traballo. - Análise dos factores determinantes da eficiencia do equipo de traballo.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das condicións dun equipo de traballo eficiente. A profesora facilitará un esquema cos diferentes roles nun equipo de traballo no que se especificarán as súas características. A profesora facilitará recursos para traballar a comunicación dentro do equipo: Modelo dos documentos escritos máis empregados. Esquema con 	<ul style="list-style-type: none"> O alumnado, en equipos de 3 ou 4 membros, identificará os distintos roles dos membros dun equipo de traballo, dacordo coa clasificación de Belbin, en situacións simuladas facilitadas pola profesora. Posta en común das situacións analizadas. Actividades prácticas sobre a eficiencia do equipo de traballo: O alumnado, en equipos de 3 ou 4 membros, 	<ul style="list-style-type: none"> Actividades prácticas resoltas. 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto ou apuntes facilitados pola profesora. Material facilitado polo profesor relativo á comunicación no equipo de traballo. Esquema sobre os tipos de roles segundo Belbin. Internet. Procesador de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.2 OU.4 TO.1 TO.2 TO.3 	0,5

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	<p>indicacións sobre a comunicación eficiente, complementado con material audiovisual.</p> <ul style="list-style-type: none"> A profesora facilitará ao alumnado un texto que recolla diferentes técnicas de dinámica de grupos, cunha breve descrición das súas características e os obxectivos que persigue . 	<p>analizará diversas situación de traballo en equipo dende o punto de vista da súa eficiencia, e identificará os factores que a dificultan ou impiden, e posterior posta en común das situacións analizadas. Cada equipo presentará un informe ao profesor para a súa valoración.</p> <ul style="list-style-type: none"> Actividades prácticas sobre a eficiencia do equipo de traballo, no que o alumnado debe asumir responsablemente o rol asignado e empregar eficazmente as técnicas de comunicación: Dividirase ao alumnado en 3 grupos para simular unha reunión de traballo. No primeiro grupo, cada un dos membros representará un rol asignado polo profesor; os membros do segundo grupo analizarán as barreiras comunicativas existentes na reunión e proporán medidas correctoras; e os membros do terceiro grupo analizarán a preparación e o desenvolvemento da reunión, identificando os problemas plantexados e propoñendo solucións. Posteriormente, analizarase no grupo-clase o grao de consecución dos obxectivos plantexados, e cada equipo entregará un informe á profesora para a súa valoración. 				

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
		<ul style="list-style-type: none"> Actividade práctica de aplicación de dinámica de grupos: O alumnado formará equipos de 4 a 6 membros, e cada equipo aplicará unha dinámica de grupo para fomentar a participación, tomar decisións ou planificar tarefas en diversas situacións propostas pola profesora. Cada equipo presentará un informe á profesora coa técnica elixida, a xustificación desta decisión, o procedemento seguido e o resultado acadado. 				
Dinámicas de grupos - Coñecer as distintas dinámicas de grupos para tomar decisións	<ul style="list-style-type: none"> O profesor facilitará ao alumnado un texto que recolla diferentes técnicas de dinámica de grupo, cunha breve descrición das súas características e os obxectivos que persigue . 	<ul style="list-style-type: none"> Actividade práctica de aplicación de dinámica de grupos. -Os alumnos formarán equipos de 4 a 6 membros, e cada equipo aplicará unha dinámica de grupo para fomentar a participación, tomar decisións ou planificar tarefas en diversas situacións propostas polo profesor. <p>Questionario sobre os conflitos: O alumnado, en equipos de 3 ou 4 membros, analizará distintas situacións de traballo nas que ten xurdido ou pode xurdir un conflito, e identificará a natureza dese conflito, as súas causas e características, e as súas etapas.</p> <p>Posta en común das situacións analiadas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Questionario resolto. ¿ plans de negociación deseñado 	<ul style="list-style-type: none"> Material facilitado polo profesor ou elaborado polos alumnos tras a explicación do profesor. ¿ Procesador de textos e Internet 	<ul style="list-style-type: none"> TO.2 	2,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
<p>O conflito e a súa resolución. - Identificación das causas e características dos conflitos no equipo de traballo, e dos procedementos de solución.</p>	<ul style="list-style-type: none"> A profesora facilitará ao alumnado un esquema sobre os conflitos no equipo de traballo, no que se relacionarán os tipos de conflitos, as causas, as características e as diferentes fases. A profesora explicará e facilitará ao alumnado un esquema dos diferentes procedementos de solución de conflitos. 	<ul style="list-style-type: none"> Actividade práctica sobre os conflitos no equipo de traballo: O alumnado, en equipos de 3 ou 4 membros, propondrá distintas situacións de traballo nas que ten xurdido ou pode xurdir un conflito. Intercambiaranse os supostos plantexados entre os equipos, que deberán identificar a natureza do conflito plantexado, as súas causas e características, e as súas etapas. Posta en común das situacións analiadas. Cada equipo presentará un informe ao profesor para a súa valoración. Actividade práctica de negociación: Dividirase ao alumnado en 2 equipos, que representan á parte empresarial e á parte social que negocian o convenio colectivo de empresa. Nese proceso negociador, xurde unha discrepancia sobre as condicións económicas dos traballadores. Os equipos deben identificar a natureza do conflito, as causas e características, e afrontar o proceso de resolución do mesmo mediante a negociación. Cada equipo elaborará un plan de negociación, asignará os roles aos seus compoñentes e porá en práctica o plan para tratar de chegar a un acordo que poña fin ao conflito. Cada equipo entregará o plan de negociación 	<ul style="list-style-type: none"> Supostos prácticos resoltos. Plans de negociación. 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto ou apuntes facilitados pola profesora. Esquemas sobre conflitos e procedementos de solución. Internet. Procesador de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.3 	2,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
		deseñado ao profesor para a súa valoración. No plan especificaranse os obxectivos plantexados, roles e estratexias a empregar.				
TOTAL						5,0

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Para a avaliación do módulo valoraranse parámetros como a atención e a participación na clase, a realización das actividades propostas e a resolución dos cuestionarios e supostos prácticos plantexados polo profesor.

A avaliación completárase cunha proba escrita, ao final de cada trimestre, que constará de casos prácticos sinxelos e preguntas cortas, formuladas de xeito que permitan comprobar o grado de comprensión do alumnado respecto das ensinanzas impartidas. Esta proba pode ir precedida doutras que se realizarán ao remate de cada unidade de traballo, e que consistirán en preguntas orais ou tipo test.

A nota final virá determinada, nun 5%, polo traballo diario, a actitude, a participación en clase, as actividades, cuestionarios e casos prácticos resoltos; e nun 90% pola puntuación obtida nas probas realizadas en cada trimestre.

Ao longo do curso, e en atención ás características do alumnado, poderase substituír a proba escrita por un ou varios traballos, realizados individualmente ou en equipos de 3 ou 4 alumnos, que versen sobre os mesmos contidos. A valoración destes traballos será a mesma ca das probas escritas.

Se na realización dunha proba escrita o alumno desenvolve conductas pouco éticas (copiar), entregará o escrito á profesora e o exame soamente será correxido co respostado ata o momento de detectar a infracción e sempre que o contido non coincida co que figura na proba da citada infracción.

Cando se fagan varias probas escritas ao longo do trimestre, deberá acadarse unha nota mínima de 4 para poder facer media entre as notas das distintas probas; se nunha mesma proba escrita se valoran varios resultados de aprendizaxe e varios criterios de avaliación será necesario acadar

unha media dun catro en cada un deles. Do contrario terá que repetir esa parte na seguinte proba. En todo caso, requírese obter unha puntuación de 5 nas probas escritas para superar o módulo. Para aqueles alumnos que non acaden a nota mínima, farase un exame de recuperación en cada trimestre.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para os/as alumnos/as que non acaden os mínimos sinalados na presente programación, farase un exame final, que constará de preguntas teóricas e casos prácticos relativos ao contidos impartidos en todas as unidades didácticas, debendo cada alumno/a respostar unicamente ás que corresponden as partes non superadas. Para os alumnos que pasen ao 2º curso co módulo pendente, desenvolveranse sesións de recuperación, nas que se realizarán actividades teóricas e prácticas, e se resolverán as dúbidas dos/as alumnos/as. Durante o período de recuperación realizarase unha ou varias probas escritas, sempre que as actividades programadas e realizadas polos/as alumnos/as non fosen suficientes para comprobar que se acadaron os resultados de aprendizaxe especificados na programación deste módulo.

As actividades de recuperación programadas son as seguintes:

- a) Realización e explicación dun esquema dos contidos básicos de cada unidade de traballo
- b) Resposta a cuestionarios relativos aos contidos fundamentais de cada unidade
- c) Resolución de casos prácticos sinxelos e elaboración dun plan de prevención dunha empresa do sector.

Os/as alumnos/as que non acceden á FCT e non superaron o módulo, asistirán ao centro dúas sesións semanais no terceiro trimestre do 2º curso, para a corrección das actividades programadas, a resolución de dúbidas e a realización das probas previstas

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Para os alumnos que perdan o dereito de avaliación continua levarase a cabo unha proba escrita sobre os contidos do módulo que constará de preguntas teóricas e outra proba escrita con casos prácticos. Igualmente, esixiráselle a presentación de traballos de investigación, similares aos que tiveron que presentar os seus compañeiros ao longo do curso.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Dado que no proceso de ensino-aprendizaxe é preciso levar a cabo un control periódico, para verificar que os obxetivos prantexados inicialmente se van cumprindo tal e como se deseñaron, e, de non ser así, analizar as causas do incumprimento e adoptar as medidas precisas, resulta lóxico que o documento base deste proceso resulte avaliado.

Para eso o Departamento reunirase, tal e como a normativa esixe, cunha periodicidade mínima mensual para ir analizando en que medida se cumpren os obxetivos, e tomará as medidas correctoras no caso contrario. Esta análise será máis profunda despois de cada avaliación e xa con resultados.

Ao remate do curso resumiranse as principais desviacións producidas e as distintas medidas adoptadas na memoria final. Estas conclusións serán básicas para a elaboración da programación do curso seguinte

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo do curso realizarase aos/ás alumnos/as unha enquisa-avaliación previa, coa intención de apreciar o nivel de coñecemento que posúen respecto ós contidos que integran o módulo. Esta avaliación permitirá determinar o punto de partida no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Ademáis desa enquisa, a observación directa permitirá detectar a existencia de alumnado con necesidades educativas especiais.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para o alumnado que o precise, adoptaranse medidas de reforzo que serán consensuadas e coordinadas co departamento de orientación.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Trataranse directamente:

- O traballo en equipo. Ademáis de ser o contido dunha unidade didáctica, ao longo do curso realizaranse en equipo moitas das actividades programadas.

Trataranse de forma transversal:

- A igualdade de trato e non discriminación.

- Os dereitos humanos.

- Educación para a paz.

- Educación para a saúde.

- O fomento do espírito emprendedor.

- A importancia do crecemento sostible, da protección do medio ambiente.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- Visita ao Parlamento de Galicia.



ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

- Xornadas sobre primeiros auxilios impartidas no Centro por responsables de protección civil.
 - Xornada de Prevención de riscos químicos en estética.
 - Visita aos Xulgados do Social de Ourense para presenciar algún xuizo sobre despedimentos, reclamación de cantidade ou outra cuestión relacionada cos contidos impartidos no módulo.
 - Taller de orientación.
 - Asistencia á Feria da prevención "Previsel" (Expourense).
 - Xornada formativa Ser muller negra en España.
- Calquer outra actividade que xurda ao longo do curso e o departamento estime adecuada para acadar todos os resultados de aprendizaxe do módulo.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32009116	12 de Outubro	Ourense	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CSIMP01	Estética integral e benestar	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0756	Empresa e iniciativa emprendedora	2023/2024	3	53	63

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA ISABEL MACEIRAS FORMOSEL
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O Módulo EIE contribuirá a que o alumnado poda recoñecer as oportunidades de negocio, identificando e analizando demandas do mercado, para crear e xestionar unha pequena empresa, e teña iniciativa emprendedora na súa actividade profesional con sentido da responsabilidade social.

Este módulo contén a formación necesaria para desenvolver a propia iniciativa no ámbito empresarial, tanto cara ao autoemprego como cara á asunción de responsabilidades e funcións no emprego por conta allea.

A formación do módulo permite alcanzar os seguintes obxectivos xerais do ciclo formativo:

q) Desenvolver a creatividade e o espírito de innovación para responder aos retos que se presenten nos procesos e na organización do traballo e da vida persoal.

r) Tomar decisións fundamentadas, analizando as variables implicadas, integrando saberes de distinto ámbito e aceptando os riscos e a posibilidade de equivocación, para afrontar e resolver situacións, problemas ou continxencias.

x) Utilizar procedementos relacionados coa cultura emprendedora, empresarial e de iniciativa profesional, para realizar a xestión básica dunha pequena empresa ou emprender un traballo.

E contribúe a alcanzar as seguintes competencias do ciclo formativo:

ñ) Resolver situacións, problemas ou continxencias con iniciativa e autonomía no ámbito da súa competencia, con creatividade, innovación e espírito de mellora no traballo persoal e no dos membros do equipo.

s) Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa, e ter iniciativa na súa actividade profesional con sentido da responsabilidade social.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe			
					MP0756_00			
					RA 1	RA 2	RA 3	RA 4
1	Iniciativa emprendedora	Análise das cualidades dun emprendedor, da motivación para emprender e da idea innovadora como punto de partida para a creación dunha empresa, así como da estrutura do proxecto empresarial.	7	10	X			
2	A empresa e o seu contorno	Estudo da empresa, do contorno xeral e específico e da responsabilidade social, e plasmación nun plan de empresa.	6	10		X		
3	Planificación e organización dunha empresa	Estudo da organización dos recursos materiais e persoais da empresa, e plasmación nun plan de empresa.	5	10		X		
4	O plan de marketing	Estudo das estratexias de marketing, e plasmación nun plan de empresa.	5	15		X		
5	Creación e posta en marcha dunha empresa	Análise das formas xurídicas de empresa e dos trámites necesarios para a súa posta en marcha, e concreción nun plan de empresa.	10	15			X	
6	Xestión financeira	Análise da viabilidade económica e financeira dunha empresa, e concreción nun plan de empresa.	16	15				X
7	Xestión administrativa	Cumplimentación dos principais documentos relacionados coa actividade da empresa.	8	15				X
8	A fiscalidade da empresa	Análise dos principais impostos que gravan a actividade empresarial.	6	10				X
Total:			63					

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Iniciativa emprendedora	7

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	SI

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Analizar a cultura empresarial na UE, España e Galicia.	1	A cultura empresarial	1,0
2.1 Recoñecer as cualidades persoais e profesionais dun emprendedor, as vantaxas e inconvenientes de emprender e o papel do emprendedor na sociedade.	2	A persoa emprendedora	2,0
3.1 Identificar o concepto de innovación empresarial, e a súa importancia para o desenvolvemento económico.	3	A innovación	1,0
4.1 ¿ Identificar as fontes de xeración de ideas, o procedemento de maduración e de avaliación da idea como punto de partida para a tomar a decisión de emprender.	4	A idea.	2,0
5.1 ¿ Analizar o contido e a estrutura dun plan de empresa, e a súa importancia e utilidade como paso previo para a posta en marcha dunha empresa.	5	O plan de empresa.	1,0
TOTAL			7

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.	• OU.1	S	10
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.	• OU.2	S	10
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.	• OU.3	S	10
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector de coidados da imaxe persoal.	• OU.4	S	10
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.	• OU.5	S	10
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.	• OU.6	S	10

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito de estética integral e o benestar, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 	S	30
CA1.8 Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.	<ul style="list-style-type: none"> OU.7 	S	10
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de estética integral e benestar (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).</p> <p>A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.</p> <p>Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.</p> <p>A actuación das persoas emprendedoras no sector de coidados da imaxe persoal.</p> <p>O risco como factor inherente á actividade emprendedora.</p> <p>Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.</p> <p>Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.</p> <p>Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito de estética integral e benestar.</p>

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A cultura empresarial - Análise da cultura empresarial na UE, España e Galicia.	<ul style="list-style-type: none"> A profesora, interactuando con los alumnos, introduce o concepto de cultura emprendedora. 	<ul style="list-style-type: none"> O alumnado lee artigos facilitados pola profesora sobre a cultura emprendedora en diversos 	<ul style="list-style-type: none"> Informes. 	<ul style="list-style-type: none"> Artigos facilitados pola profesora. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.2 	1,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
		países, e elabora un informe comparativo.		<ul style="list-style-type: none"> • Pc con acceso a internet. • 		
A persoa emprendedora - Recoñecemento das cualidades persoais e profesionais dun emprendedor, e da motivación para emprender.	<ul style="list-style-type: none"> • A profesora, previo visionado de videos de emprendedores, e interactuando cos alumnos, explica o concepto de emprendedor, as cualidades profesionais e persoais que debe reunir, e as vantaxes e inconvenientes de emprender, facendo especial fincapé no risco inherente á actividade empresarial. 	<ul style="list-style-type: none"> • Os alumnos procurarán en internet información sobre un emprendedor/a proposto pola profesora ou elixido por eles, analizarán as súas principais cualidades e as razóns que o levaron a emprender. Posteriormente haberá unha posta en común no grupo-clase. • Os alumnos, accedendo a alguna páxina web facilitada polo profesor ou seleccionada por eles, cubrirán unha ferramenta denominada test do emprendedor, e determinarán se as súas características coinciden coas que debe ter un emprendedor. Posteriormente, incorporarán ao cuestionario anterior as súas conclusións. • Farase un pequeno debate no grupo-clase no que se valorarán as distintas cualidades do emprendedor, en particular, a capacidade de asumir riscos. Posteriormente, entregarán un informe da súa valoración. 	<ul style="list-style-type: none"> • Informe sobre cualidades de emprendedores, e vantaxes e inconvenientes de emprender. • Biografía persoas emprendedoras. 	<ul style="list-style-type: none"> • Apuntes facilitados pola profesora. • Artigos de prensa ou internet. • Videos de emprendedores e innovadores. • PC con internet. • Procesador de textos 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.3 • OU.4 • OU.5 	2,0
A innovación - Identificación do concepto de innovación e a súa importancia para o crecemento económico.	<ul style="list-style-type: none"> • O profesor explicará o concepto e os tipos de 	<ul style="list-style-type: none"> • O alumno respostará a un cuestionario facilitado polo 	<ul style="list-style-type: none"> • Cuestionario. 	<ul style="list-style-type: none"> • Documentos escritos ou audiovisuais sobre innovación. 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.1 	1,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	innovación, e a súa importancia para o desenvolvemento económico.	profesor que incluíra preguntas teóricas relativas á innovación empresarial, e supostos prácticos sinxelos nos que debe identificar o tipo de innovación introducida en diferentes empresas. • O alumnado elaborará un informe relativo ás principais características da innovación no sector da imaxe persoal que se exporá no grupo-clase.	• Informe	• PC con internet. • Apuntes.		
A idea. - Identificación das fontes de xeración de ideas, do procedemento de maduración e de avaliación da idea como punto de partida para a tomar a decisión de emprender.	• A profesora explicará a importancia da idea como punto de partida da decisión de emprender, da súa maduración e avaliación previa á toma desa decisión.	• O alumno respostará ás preguntas e casos prácticos, recollidos nun cuestionario, relativos á orixe da idea, á súa avaliación, e á toma da decisión de emprender. • O alumnado, en equipos de 3 ou 4 alumnos, sinalará posibles ideas de negocio innovadoras no sector profesional correspondente ao ciclo. Cada equipo seleccionará a idea máis innovadora, especificando o tipo de innovación aplicada, e presentará un informe ao profesor para a súa valoración, onde se indiquen todas as ideas propostas, a seleccionada como máis innovadora e a xustificación da elección desta. Posteriormente, no grupo-clase valoraranse as diferentes ideas e seleccionárase a máis innovadora.	• Cuestionario. • Idea de empresa valorada no grupo clase.	• Apuntes. • PC con internet.	• LC.1 • OU.6	2,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
		<ul style="list-style-type: none"> Traballo en equipo sobre a avaliación da idea de negocio: O alumnado, en equipos de 3 ou 4 alumnos, accederá a web http://testidea.barcelonanetactiva.com ou similar, e empregando a guía para a avaliación da idea, analizará a idea de negocio seleccionada na tarefa anterior. 				
O plan de empresa. - Análise do contido e da estrutura dun plan de empresa, e da súa importancia como paso previo á posta en marcha dunha empresa.	<ul style="list-style-type: none"> O profesor explicará a importancia do plan de empresa como paso previo á posta en marcha da empresa, e facilitará un esquema do seu contido e da súa estrutura. 	<ul style="list-style-type: none"> O alumnado, en equipos de 3 ou 4 membros, coa información que lle facilita a profesora e a que procure en internet, realizará un guión-esquema coa estrutura do plan de empresa que vai confeccionar ao longo do curso, e xustificará a importancia de realizar un plan de negocio. 	<ul style="list-style-type: none"> Guión do plan de empresa e valoración da súa importancia. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes. Esquema sobre o plan de empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.7 	1,0
TOTAL						7,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A empresa e o seu contorno	6

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Analizar o concepto de empresa, as súas principais funcións e obxectivos, os tipos de empresa e a súa localización.	1	A empresa e a súa organización.	1,0
2.1 Analizar o contorno xeral e específico dunha empresa do sector da imaxe persoal, en función da súa localización, e incluílo nun plan de empresa.	2	O contorno da empresa.	2,0
3.1 Recoñecer a importancia da responsabilidade social das empresas e a súa implicación no crecemento económico sostible.	3	A responsabilidade social corporativa e o balance social.	1,0
4.1 Identificar, en empresas do sector da imaxe persoal, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.	4	A ética empresarial.	1,0
5.1 Elaborar o plan de empresa incluíndo a idea de negocio, a localización, o estudo do contorno e a responsabilidade social.	5	Plan de empresa: a idea de negocio, a localización, o estudo do contorno e a responsabilidade social.	1,0
TOTAL			6

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.	• OU.1	N	5
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.	• OU.2	S	5
CA2.3 Identifícaronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.	• PE.1	S	5
CA2.4 Apareceu a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.	• OU.3	S	5
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de estética integral e benestar en función da súa posible localización.	• PE.2	S	10
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.	• OU.4	S	5
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa estética integral e o benestar, e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.	• OU.5	N	5
CA2.8 Identifícaronse, en empresas de estética integral e benestar, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.	• OU.6	S	5

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.	<ul style="list-style-type: none"> OU.7 	S	5
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 	S	50
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.</p> <p>Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de estética integral e benestar: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.</p> <p>Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de estética integral e benestar: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.</p> <p>Localización da empresa.</p> <p>A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.</p> <p>Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.</p>

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A empresa e a súa organización. - Análise do concepto de empresa, as súas principais funcións e obxectivos, dos tipos de empresa a e da súa localización.	<ul style="list-style-type: none"> O profesor explicará o concepto, as funcións, obxectivos e os tipos de empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> O alumnado respostará a un cuestionario facilitado polo profesor que incluírá preguntas teóricas relativas ás cuestións explicadas. Ese cuestionario pode ser substituído por ferramentas dixitais coa mesma finalidade. 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionario resolto. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes facilitados pola profesora. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 	1,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O contorno da empresa. - Análise do contorno dunha empresa do sector da imaxe persoal en función da súa localización.	<ul style="list-style-type: none"> O profesor explica os diferentes criterios a ter en conta para a localización dunha empresa. O profesor entrega un esquema sobre os factores que compoñen o contorno xeral e específico dunha empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> Os alumnos respostan a un cuestionario con preguntas e casos prácticos sinxelos relativos á localización e ao contorno da empresa. Ese cuestionario pode ser substituído por ferramentas dixitais coa mesma finalidade. O alumnado empregará a páxina web do INE ou do IGE e outras que considere de interese, e partindo da información facilitada, analizará o contorno xeral dunha empresa do sector da imaxe persoal. Posteriormente entregará un informe á profesora para a súa valoración. Os alumnos analizarán o contorno específico dunha empresa de imaxe persoal, e complementarán o informe anterior. 	<ul style="list-style-type: none"> Informe do contorno da empresa. Cuestionario resolto. 	<ul style="list-style-type: none"> Esquema dos factores que compoñen o contorno. PC con acceso a internet. Apuntes facilitados pola profesora. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.3 PE.1 PE.2 	2,0
A responsabilidade social corporativa e o balance social. - Recoñecemento da importancia da responsabilidade social das empresas.		<ul style="list-style-type: none"> O alumnado analizará un vídeo explicativo da responsabilidade social e deducirá o concepto e o alcance da responsabilidade social corporativa, coa colaboración da profesora. O alumnado, en equipos de 3 ou 4 alumnos, analizarán a responsabilidade social corporativa de empresas sinaladas pola profesora, mediante a información recollida na súa páxina web. Posteriormente elaborarán e entregarán un informe sobre 	<ul style="list-style-type: none"> Informe sobre a responsabilidade social nunha empresa. Balance social. 	<ul style="list-style-type: none"> PC con acceso a internet. Apuntes. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.2 OU.4 OU.5 	1,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
		o alcance, e os beneficios sociais da correspondente empresa á profesora para a súa valoración. A continuación, farase unha posta en común no grupo clase.				
A ética empresarial. - Identificación, en empresas do sector da imaxe persoal, de prácticas que incorporen valores éticos e sociais.		<ul style="list-style-type: none"> Os alumnos elaboraran o posible balance social da empresa analizada na tarefa anterior, destacando os custos sociais nos que incurre, e o entregaran á profesora para a súa valoración. 	<ul style="list-style-type: none"> Informe sobre ética empresarial. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes. Artigos de prensa ou vídeos sobre a ética empresarial. PC con internet. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.6 OU.7 	1,0
Plan de empresa: a idea de negocio, a localización, o estudo do contorno e a responsabilidade social. - Elaboración do plan de empresa incluíndo a idea de negocio, a localización, o estudo do contorno e a responsabilidade social.		<ul style="list-style-type: none"> O alumnado, en equipos de 3 ou 4 alumnos, iniciará o plan de empresa coa elección da idea de negocio que van desenvolver. Posteriormente, decidirase a localización e, en función desta, analizarase o contorno xeral e específico. A continuación analizaranse os custos sociais nos que incurrirá a empresa, e os beneficios sociais que producirá, elaborando o balance social. 	<ul style="list-style-type: none"> Plan de empresa parcial. 	<ul style="list-style-type: none"> Esquema da estrutura e contido do plan. Modelos de plan de empresa. Apuntes. PC con acceso a internet. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 	1,0
TOTAL						6,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Planificación e organización dunha empresa	5

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Recoñecer o concepto de cultura empresarial e a súa proxección mediante a comunicación e a imaxe corporativa.	1	Cultura empresarial, comunicación e imaxe corporativa.	1,0
2.1 Analizar a estrutura organizativa da empresa, a función de compras, relacións cos provedores e a xestión de almacén, así como a xestión de recursos humanos.	2	A organización dos recursos da empresa.	2,0
3.1 Elaborar o plan de empresa incluíndo a organización dos recursos humanos e o plan de produción.	3	Plan de empresa: organización dos recursos humanos, plan de produción e plan de marketing.	2,0
TOTAL			5

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.	• OU.1	S	10
CA2.11 Descríbense as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de estética integral e benestar, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.	• PE.1	S	40
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.	• LC.1	S	50
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
